

PLAN DE EVACUACIÓN

IES Ricardo Mella
VIGO

INFORMACIÓN BÁSICA PARA:

Titores
Profesorado en xeral e
Alumnado

Este Instituto dispón dun Plan de Evacuación, que pode ser consultado na páxina Web do centro e do que tamén hai uns exemplares na Sala de profesores e na Biblioteca.

De acordo con este plan de evacuación, ao longo do curso académico vanse provocar ou simular unha serie de situacións de “Risco”, momentos que aproveitaremos para realizar un Simulacro de Evacuación Xeral.

Para que as evacuacións se poidan resolver correctamente, é imprescindible que todo o persoal do instituto saiba como debe actuar.

Ante esta necesidade, confeccionáronse estes folletos, para que todo o profesorado reciba esa información básica e para que poida comentar cos seus alumnos aqueles detalles que crea oportuno.

Ademais da entrega dun exemplar a cada un dos profesores, estes folletos distribuiranse por aulas, departamentos, cafetaría e outras dependencias, para intentar concienciar a todo o persoal da necesidade de colaborar nesta tarefa.

De maneira especial, os profesores-titores serán os encargados de que esta información chegue aos seus titorados. E unha vez dada e comentados os aspectos máis importantes, os titores deberán pasar por Xefatura de Estudos para confirmar a súa realización. **Isto deberá facerse antes do 26 de xaneiro de 2006novembro de 2005**

A información básica resúmese en:

- **Saber identificar os tres pavillóns** do instituto (A – B – E)
 - Pavillón A ou edificio central, onde ademais de aulas, están as oficinas, despachos e departamentos.
 - Pavillón B ou edificio fundamentalmente dedicado a Sanitaria
 - Pavillón E ou edificio de talleres de electrónica, ximnasio, cafetaría etc.
- **Coñecer as tres zonas de reunión** en caso de evacuación xeral:
 - O Pavillón A ten a súa zona de reunión a poucos metros á esquerda da entrada principal do instituto.
 - O Pavillón B ten a súa zona de reunión na parte traseira do aparcamento de alumnos, onda o transformador.
 - O Pavillón E ten a súa zona de reunión na parte central do aparcamento de profesores
- **Saber que hai uns sinais de evacuación**, que están colocados ao longo do percorrido, e sobre todo
- **Saber as 26 consignas de evacuación** que se describen a continuación

CONSIGNAS DE EVACUACIÓN XERAL

1	Se soan (3) tres timbrazos fortes e seguidos, o profesor ordenará a todos os alumnos que deixen inmediatamente de facer todo o traballo que estivesen facendo.
2	A continuación, sen recoller ningún obxecto persoal, formarase rapidamente unha fileira ao lado de cada unha das portas da aula.
3	Pecharanse inmediatamente as ventás das aulas para evitar no posible as correntes de aire que facilitarían o incendio.
4	A continuación e o antes posible, o profesor ordenará que se inicie a saída da aula. A evacuación farase de forma rápida pero sen correr.
5	En caso de existencia de fume, todos os individuos tiraranse ao chan e farán o traxecto a gatas, ata o punto onde esta situación desapareza.
6	O grupo de clase permanecerá sempre unido entre eles e ao seu profesor
7	A evacuación dos edificios iniciarase sempre pola planta baixa. Cando o persoal dunha planta superior chegue á inferior, esperará a que esta planta se baleire completamente.
8	A evacuación de cada unha das plantas iniciarase polas aulas máis próximas á escaleira, permitindo sempre o paso aos compañeiros que nos saian pola nosa dereita.
9	De acordo cos criterios anteriores, os grupos esperarán sempre a que os seus compañeiros os teñan sobrepasado para incorporarse á marcha.
10	Ninguén tentará de sobrepasar ao compañeiro, para evitar atropelos.
11	Nas escaleiras baixaremos formado dúas fileiras pola parte da parede, deixando libre a varanda do oco da escaleira ao longo de todo o percorrido, para permitir o paso aos socorristas e persoal de auxilio.
12	Unha vez iniciada a evacuación, non volver nunca atrás a recoller obxectos.
13	Ir moi pendentes dos compañeiros que nos rodean, para axudarse mutuamente.
14	O profesor ao pasar lista, porá no parte de clase o número de alumnos que asisten, e na evacuación levará este parte ata a zona de reunión.
15	O profesor será o último en abandonar a aula e pechará a porta para evitar no posible as correntes de aire que facilitarían o incendio.
16	Seguiremos sempre os sinais de evacuación, que hai colocados ao longo do percorrido.
17	Non falar durante a evacuación.
18	Manter a seriedade e pensar que normalmente a propia evacuación é o meirande dos Riscos aos que nos podemos enfrontar nese momento
19	Se no momento da evacuación, un alumno se atopase fóra da aula correspondente ao seu grupo, unirase ao máis próximo e comunicarao ao xefe do mesmo.
20	Non deterse nas portas de evacuación.
21	Respectar o mobiliario e se houberse un obstáculo na vía de evacuación, o primeiro grupo que o atope deberá apartalo.
22	No caso de que no grupo houberse unha persoa con minusvalía, o profesor terao en conta dende o principio de curso e comunicarao á Xefatura de Estudos para poñer as medidas oportunas.
23	Nunca utilizaremos o ascensor en caso de evacuación.
24	Se se presentase un caso no que no momento da Evacuación, un alumno necesitase axuda dos seus compañeiros, o profesor encargarse de que esta necesidade se cubra inmediatamente.
25	Unha vez chegados á zona de reunión, todos os alumnos agruparanse ao redor do seu profesor e posteriormente farase un reconto dos compoñentes, que se cotexará co parte de clase.
26	Finalizada a evacuación, cada profesor dará un informe das incidencias que se teñan detectado ao Xefe de Estudos ou a outra persoa de dirección.